

A Nosa Terra



Pilar Garcia Negro.

■ Demandan para a Real Académia 'apoio suficiente' de Xunta e Estado

Debatiuse no Parlamento o día 5 de Abril unha proposición non de lei apresentada por Pilar Garcia Negro, do BNG, na que reclamaba a mesma aportación do Estado para a Real Académia Galega que a que reciben o Institut de Estudos Catalans e a Real Académia Basca. Garcia Negro considera que a Academia, da que veñen de ser publicados os estatutos no BOE, "ten dereito a aportacións do Estado e a unha atención financeira continuada, non esporádica, do Goberno galego, para o bon cumprimento dos seus fins e funcións". O PP rexeitou cos seus votos a demanda dos nacionalistas. ♦